

MEMORIA DE TRANSPARENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN EN LINGUA GALEGA

O secretario xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral da Lingua pretende formalizar coa Fundación Cidade da Cultura o instrumento convencional enriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia para a realización de actividades de formación en lingua galega dirixidas ao persoal ao servizo desta Fundación.

Que existe converxencia de intereses entre as partes para a consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

As partes pretenden colaborar conxuntamente para fomentar e promover o uso da lingua galega, de acordo co disposto na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que establece que o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma. Así mesmo, recolle a obriga dos poderes autonómicos de promover a progresiva capacitación no uso do galego do persoal afecto á Administración pública e ás empresas de carácter público de Galicia.

O artigo 6 dos Estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia sinala que constitúe o obxecto social desta a "creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio á interacción cultural". Para a consecución deste fin, conforme o artigo 7 dos seus estatutos, a fundación pode levar a cabo, entre outras, aquelas actividades que se consideren necesarias para dinamizar o sistema cultural galego, promovendo a difusión e a conservación da cultura galega. Neste marco, o uso do galego, tanto na definición como no desenvolvemento das súas actuacións, é primordial como vehículo de expresión da cultura galega e elemento fundamental da súa identidade.

As partes tamén colaborarán na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega, que se aprobou en 2004 co fin de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade, así como na dinamización da lingua galega no tecido económico para fomentar o



seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar os produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

Que os intereses converxentes das partes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante un contrato dos reflectidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

De acordo co exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O secretario xeral da Lingua
Valentín García Gómez

